



## Concello de Sarria

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SARRIA PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL CON CARGO AO PROGRAMA “PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017”.**

### 1.- RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.

O resultado do segundo exercicio da fase de oposición foi o seguinte:

Nº DE CONTROL	CUALIFICACIÓN DOS TEMAS ELIXIDOS POLOS CANDIDATOS.	PUNTUACIÓN TOTAL
3	Tema 6: 7,5 ptos //// Parte específica: 0 ptos	7,5 puntos.
5	Tema 6: 7,5 ptos //// Tema 33: 2,00 ptos	9,5 puntos.
6	Tema 6: 8,5 ptos //// Tema 50: 8,50 ptos	17,00 puntos.

As puntuacións obtidas polos participantes no proceso selectivo concedéronse por unanimidade de tódolos membros do tribunal.

De conformidade co previsto no apartado 9.1.3. b) das bases da convocatoria, o tribunal acordou declarar aprobados a tódolos opositores que acadaron unha puntuación mínima de **15 puntos**.

### 2.- CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.

O tribunal acordou convocar aos aspirantes declarados aprobados no segundo exercicio para a realización do terceiro exercicio da fase de oposición (art. 9.1.3. c) das bases da convocatoria), acto que terá lugar o día **28 de novembro de 2017, ás 11:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria**, para o que deberán vir provistos do número de control asignado no primeiro exame, así como do DNI ou documento equivalente.

*O exercicio consistirá na “Resolución, por escrito de 2 supostos prácticos referentes ás funcións do posto que o tribunal determine, durante un tempo máximo de 90 minutos. Os supostos prácticos estarán relacionados coas materias que figuran na parte específica do Anexo II, non podendo os aspirantes consultar ningún tipo de texto legal. Puntuación máxima: 30 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 15 puntos. Puntuarase o nivel de resolución dos casos prácticos en relación ao coñecemento da materia podéndose solicitar a súa lectura polo tribunal.”*

### 3.- ACTO PÚBLICO DE APERTURA DO SOBRE QUE CONTÉN AS IDENTIDADES DOS OPOSITORES.

Coa finalidade de contrastar os números de control asignados coas identidades dos candidatos presentados, convócase a tódolos interesados neste proceso selectivo ao acto público de apertura do sobre que contén as identidades dos opositores que compareceron aos exercicios da fase oposición, procedemento que terá lugar o mesmo día 28 de novembro de 2017, ás 13:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916